

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2019 pola que se convocan para o ano 2020, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa do bono de alugueiro social do Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (códigos de procedemento VI482A e VI482B).

O 12 de febreiro de 2015 o Consello da Xunta aprobou o Plan rehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. Este plan, que está dividido en varios eixos de actuación, inclúe no seu eixo 3º un programa específico, tendente a paliar os efectos dos desafiuzamentos por non pagamento das rendas de vivendas alugadas, como é o bono de alugueiro social.

O 7 de xaneiro de 2019 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 18 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social do Plan rehaVIta, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.

Con data 31 de decembro de 2019 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a modificación da citada Orde do 18 de decembro, co obxectivo de recoñecer como novo colectivo de persoas beneficiarias do bono de alugueiro social ao colectivo dos/das mozos/as menores de idade tutelados pola Xunta de Galicia, unha vez acaden a maioría de idade, para facilitarles o acceso a unha vivenda en réxime de alugamento, así como a aquelas persoas que se visen privadas da súa vivenda habitual como consecuencia de procedementos xudiciais de execucións hipotecarias ou de acordos extraxudiciais de venda ou dación en pagamento a entidades financeiras.

Esta convocatoria suxéitase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A tramitación anticipada dos expedientes de axudas e subvencións no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos, con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, realízase ao abeiro da Orde da Consellería de Economía e Facenda



do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001. Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019 habilítanse créditos para o financiamento da axuda do Bono de alugueiro social.

De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

Primeiro. *Obxecto*

1. Convocar as axudas do Programa do bono de alugueiro social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, para o ano 2020, con financiamento plurianual, que se tramitarán cos códigos de procedemento VI482A e VI482B.

2. A concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria, de acordo co sinalado no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. *Bases reguladoras*

As subvencións deste programa rexeranse polas bases reguladoras contidas na Orde do 18 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social do Plan rehaVIta, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG) núm. 4 do 7 de xaneiro de 2019, modificada pola Orde do 16 de decembro de 2019 (DOG núm. 248 do 31 de decembro).

Terceiro. *Crédito orzamentario*

1. As subvencións previstas nesta convocatoria correspondentes aos exercicios 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024 faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 07.83.451B.480.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte distribución plurianual:



Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
2020	07.83.451B.480.3	200.000 €
2021	07.83.451B.480.3	200.000 €
2022	07.83.451B.480.3	200.000 €
2023	07.83.451B.480.3	200.000 €
2024	07.83.451B.480.3	200.000 €

2. De conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, o outorgamento destas subvencións queda supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión.

3. A contía establecida poderá ser obxecto de ampliación por resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), tendo efecto logo da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cuarto. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias deste programa as previstas no artigo 2 das bases reguladoras, sempre que cumpran os requisitos previstos no artigo 3 das citadas bases.

2. Así mesmo, poderán ser beneficiarias das prórrogas extraordinarias previstas no artigo 6.2 das bases reguladoras aquelas persoas que finalizasen o período máximo ordinario de disfrute das axudas deste programa durante o ano 2019 ou 2020, coa excepción das sinaladas no artigo 2.1.h) das bases reguladoras.

Quinto. *Límites máximos de ingresos e valor do IPREM para a concesión das axudas*

1. Os límites máximos de ingresos das solicitudes, tanto iniciais como das prórrogas, calcularanse tomando como base do cálculo a contía do IPREM anual en 14 pagas para o ano 2019 (7.519,59 euros) multiplicado por 1,5.

Esta contía dividirase polos seguintes factores de ponderación, en función do número de persoas que integren a unidade de convivencia:

- Familias dun membro: 1,25.



- Familias de dous membros: 0,90.
- Familias de tres membros: 0,80.
- Familias de catro membros: 0,70.
- Familias de cinco ou máis membros: 0,60.

A aplicación destes factores determina as seguintes contías:

Nº de membros da unidade de convivencia	Límites máximos de ingresos (1,5 veces IPREM 2019 en 14 pagas ponderado. Valores mensuais)
1	751,96 €
2	1.044,39 €
3	1.174,94 €
4	1.342,78 €
5 ou máis	1.566,58 €

2. Ás unidades familiares nas que algún dos seus membros sexa unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa reguladora do Imposto da renda das persoas físicas, aplicaráselles o límite máximo de ingresos do tramo seguinte ao que lles correspondese, segundo o número de persoas que a integren.

No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos e non nados contarán como membros da unidade familiar. Igual tratamento terá a acreditación de adopción en trámite.

3. No caso de que as axudas se soliciten por unha unidade de convivencia composta por máis dunha unidade familiar, os ingresos de cada unidade familiar, computados conforme ao apartado primeiro, sumaranse e o resultado deberá estar comprendido dentro do límite máximo de ingresos para acceder a este programa.

Sexto. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo para a presentación de solicitudes desta convocatoria comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e terminará ao esgotamento da partida orzamentaria contida nesta convocatoria e, en todo caso, o día 11 de decembro de 2020.



2. As persoas beneficiarias deste programa e que non perderan o dereito mediante a oportuna resolución poderán solicitar a prórroga ordinaria ou, no seu caso, a extraordinaria, dentro dos dous meses anteriores á data de remate da concesión inicial ou, no seu caso, das prórrogas que estea percibindo, coa excepción sinalada no parágrafo seguinte.

3. As persoas que á data da publicación desta convocatoria xa tiveran desfrutado os períodos ordinarios da axuda durante tres anos, poderán solicitar a prórroga extraordinaria no prazo de dous (2) meses, contados dende a publicación desta resolución.

Sétimo *Solicitudes*

1. A solicitude de concesión inicial realizarase mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I a esta resolución, debidamente cuberto (código de procedemento VI482A). As solicitudes de concesión de prórroga realizaranse mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo VI a esta resolución, debidamente cuberto (código de procedemento VI482B). As solicitudes deberán dirixirse á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda.

2. As solicitudes presentarase preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Tamén se poderán presentar as solicitudes presencialmente por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. No modelo de solicitude de concesión inicial a persoa solicitante realizará as seguintes declaracións:

a) Declaración de que non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida para a mesma finalidade e o seu importe.

c) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da súa unidade de convivencia ten no territorio nacional unha vivenda en propiedade ou en usufruto, agás os supostos exceptuados no artigo 3.1.g) das bases reguladoras.



d) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa da unidade de convivencia ten vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendadora. Así mesmo, que non exista vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata segundo grado, coa persoa arrendadora da vivenda ou con calquera dos socios ou partícipes da persoa xurídica arrendadora, de ser o caso.

e) Compromiso de presentar a documentación acreditativa do pagamento de parte do alugamento dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes.

f) Declaración de non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Declaración de que todos os datos da solicitude e dos documentos que se achegan son certos.

Oitavo. *Documentación complementaria*

1. Coa solicitude de axuda inicial deberase achegar a seguinte documentación (código de procedemento VI482A):

a) Documento acreditativo da representación da persoa que actúe como representante, de ser o caso.

b) Anexo II, de comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia, distintos da persoa solicitante.

No caso de que unha unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar, deberase cubrir un anexo II por cada unha delas.

c) Anexo III, de compromiso das persoas asinantes do contrato de arrendamento de someterse ás condicións do Programa de bono de alugueiro social. Neste anexo indícase tanto o número de conta bancaria de titularidade da persoa arrendadora no que se realizará o ingreso da subvención mensual do Bono de alugueiro social, como o número de conta da persoa arrendataria no que se realizará o ingreso, de ser o caso, da axuda complementaria.



d) Informe dos servizos sociais do concello no que está empadroada a persoa solicitante, co contido recollido no anexo IV, podendo utilizarse a tal efecto o citado anexo.

e) Contrato de arrendamento da vivenda, cunha duración mínima dun ano e con mención expresa da referencia catastral, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

No caso de non ter formalizado o contrato no momento de presentación da solicitude, este deberase presentar na correspondente área provincial do IGVS no prazo de dous (2) meses, a contar desde a notificación da resolución de concesión da axuda, acompañado do certificado de empadramento conxunto das persoas que integran a unidade de convivencia nesa vivenda e do anexo III, referido no punto c) deste ordinal.

f) Xustificante de empadramento conxunto de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia. Estes xustificantes deberán estar expedidos dentro dos tres meses anteriores á data da presentación da solicitude.

g) No caso de nai xestante, certificado médico ou documentación que acredite o citado estado.

h) Se é o caso, certificado acreditativo da situación de adopción en trámite.

i) De ser o caso, certificado de discapacidade da persoa solicitante e dos demais membros que integran a unidade de convivencia, no suposto de non ser expedido pola Xunta de Galicia.

j) No caso de persoas afectadas por un procedemento de desafiuzamento por non pagamento de rendas, copia da demanda interposta.

k) No caso de vítimas de violencia de xénero, documento acreditativo desta condición. Para estes efectos só se admitirán os seguintes documentos:

1º. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

2º. Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.



3º. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia e /ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.

4º. Informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

5º. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data en que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.

6º. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data en que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.

l) No caso das persoas privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, documento acreditativo desta situación. Para estes efectos só se admitirán os seguintes documentos:

– Título que acredite a súa condición de persoa propietaria ou usufrutuaria da vivenda afectada polos danos.

– Memoria que acredite a inhabibilidade da vivenda polos danos sufridos.

– Reportaxe fotográfica onde se reflectan os danos sufridos pola vivenda.

m) No caso dos/as mozos/as maiores de idade e que saian do réxime de tutela da Xunta de Galicia, informe do correspondente departamento da Consellería de Política Social, acreditativo da data de saída do réxime de tutela da persoa solicitante.

n) No caso de persoas que foran privadas da súa vivenda habitual como consecuencia de procedementos xudiciais de execucións hipotecarias ou de acordos extraxudiciais de venda ou dación en pagamento a entidades financeiras, decreto de adxudicación da vivenda ou, no seu caso, o citado acordo extraxudicial.



2. Coa solicitude de prórroga da axuda inicial, anexo VI, deberase achegar a seguinte documentación (código de procedemento VI482B):

a) Anexo II, de comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia.

b) Anexo IV, modelo de informe dos Servizos Sociais do concello no que está empadroadada a persoa solicitante, no que se faga constar que subsisten as condicións de necesidade que deron lugar á concesión inicial, así como os ingresos da unidade de convivencia dos tres meses anteriores á data da solicitude de prórroga.

c) Anexo V, de declaración da persoa arrendadora da vivenda de que a persoa arrendataria non ten ningunha reclamación pendente por non pagamento das rendas e/ou subministracións.

d) Declaración formalizada polas persoas asinantes do contrato de arrendamento de que este se prorrogará nas mesmas condicións que o anterior.

3. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo foron presentados. Presumirase que o acceso a estes documentos é autorizado polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

4. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, a Área Provincial do IGVS poderá requirirle a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación dos correspondentes datos.

Noveno. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) da persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa representante, das persoas que integran a unidade de convivencia que figuran no anexo II e da persoa arrendadora que figura no anexo III.

b) Validación do número de identificación fiscal da persoa representante, así como da persoa arrendadora que figura no anexo III, no caso de que sexan persoas xurídicas.



- c) Permiso de residencia legal da persoa solicitante, cando sexa estranxeira.
- d) Certificado de empadramento da persoa solicitante, no caso de cambio de domicilio durante a vixencia do contrato, e das persoas que figuran no anexo II.
- e) Certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT), da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, correspondentes á persoa solicitante e ás persoas que integran a súa unidade de convivencia e que figuran no anexo II.
- f) Datos catastrais correspondentes á persoa solicitante e ás persoas que integran a súa unidade de convivencia.
- g) Certificación de titularidade de bens inmobles da Dirección Xeral do Catastro onde conste que nin a persoa solicitante nin ningunha das persoas integrantes da unidade de convivencia teñen en usufruto ou en propiedade outra vivenda en territorio español.
- h) Certificado acreditativo de discapacidade, no caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas que figuran no anexo II faga constar na solicitude que lle é de aplicación esta circunstancia, para o suposto de que o documento deba ser expedido pola Xunta de Galicia. No caso de non tratarse dun documento expedido pola Xunta de Galicia deberase presentar a correspondente documentación.
- i) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas da persoa solicitante.
- j) Consulta de concesións de subvencións e axudas da persoa solicitante.
- k) Consulta da prestación de desemprego percibida pola persoa solicitante, así como polas persoas que integran a súa unidade de convivencia, segundo o seu anexo II.
- l) Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, incapacidade temporal e maternidade do Instituto Nacional da Seguridade Social, da persoa solicitante, así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia, segundo o seu anexo II.
- m) Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia (RISGA) da persoa solicitante, así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia, segundo o seu anexo II.



2. O acceso aos datos contidos nos documentos sinalados coas letras k), l) e m) do apartado anterior, de conformidade co artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, poderá realizarse por aquelas Administracións locais que dispoñan do correspondente Convenio coa Xunta de Galicia para acceder a través das plataformas de intermediación de datos.

3. No caso de que a persoa solicitante e, de ser o caso, a persoa representante, os demais membros da unidade de convivencia ou a persoa arrendadora se opoñan expresamente a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no anexo I, anexo II e no anexo III, respectivamente, e achegar os documentos correspondentes.

4. No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeiro. *Resolución e recursos*

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de dous (2) meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, a persoa solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

2. Contra a resolución poderase interpoñer recurso de alzada, ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Décimo segundo. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e demais actos administrativos realizaranse preferentemente por medios electrónicos. A persoa interesada deberá manifestar expresamente na súa solicitude a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). Non



obstante, as persoas interesadas poderán comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións que se practiquen en papel tamén estarán á disposición da persoa interesada a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

3. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde á posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, o IGVS practicará a notificación por calquera outro medio dos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceiro. *Xustificación da subvención*

A xustificación da concesión da subvención realizarase segundo o establecido nas bases reguladoras.

Décimo cuarto. *Recursos contra a presente resolución*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte



ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo quinto. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo sexto. *Eficacia*

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 19 de diciembre de 2019

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I


PROCEDEMENTO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL DO PLAN REHAVITA. PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI482A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.							
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:			
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:			
<input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade para a que solicita esta subvención.			
<input type="radio"/> Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para esta mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:			
ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña desta ou doutras administracións públicas ou de calquera outra entidade pública ou privada, a partir da data desta declaración.			

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 0cplvn5-pyf1-vmi7-ppq9-v6gss95aoc37


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

2. Que ningunha das persoas que integran a unidade de convivencia é propietaria ou usufrutuaria dunha vivenda situada no territorio nacional.
3. Que se compromete a presentar a documentación acreditativa do pago da súa parte do alugamento dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes.
4. Que está empadroada na Comunidade Autónoma de Galicia durante polo menos 12 meses anteriores á data da solicitude da axuda.
5. Que é titular ou está en condicións de subscribir un contrato de arrendamento nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento constitúe, ou vai constituir, o seu domicilio habitual e permanente.
7. Que os ingresos da unidade de convivencia da persoa beneficiaria, computados conforme establece o artigo 4 das bases reguladoras e a correspondente convocatoria, son inferiores a 1,5 veces o indicador público de efectos múltiples (IPREM) ponderado.
8. Que a renda do contrato de arrendamento que se subvenciona non supera os importes sinalados no artigo 5 das bases reguladoras.
9. Que nin a persoa arrendataria nin ningún outro membro da súa unidade de convivencia ten un vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendadora. Así mesmo, non existe vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata segundo grao, coa persoa arrendadora da vivenda, ou calquera dos/as socios/as ou partícipes da persoa xurídica arrendadora, de ser o caso.
10. Que a persoa beneficiaria non é arrendataria de vivendas xestionadas polo IGVS.
11. Que todos os datos contidos nesta solicitude son certos.
12. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
13. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
14. No caso de persoas afectadas pola interposición dunha demanda de desafuzamento por non pagamento das rendas declaran:
 - Que entre a comunicación da interposición da demanda e a presentación da solicitude da axuda non transcorreran máis de 9 meses.
 - Que o contrato de arrendamento que motivou o procedemento de desafuzamento ten unha duración non inferior a 12 meses.
15. No caso de vítimas de violencia de xénero, declaran:
 - Que a situación de violencia de xénero se produciu no seo dunha relación de convivencia. DATA DO CESAMENTO DE CONVIVENCIA
 - Que cesaron a dita convivencia nos doce meses anteriores á presentación da solicitude. []
 - Que levan residindo, polo menos dous meses antes da presentación da solicitude, nun recurso de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero e adscritos a unha Administración pública.
 - Que o documento acreditativo da situación de violencia foi emitido nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude. Así mesmo, é preciso que a orde de protección ou calquera outra medida cautelar adoptada estea vixente na data de presentación da solicitude e se mantéña á data da resolución desta axuda.
16. No caso de unidades de convivencia privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, declaran:
 - Que foron privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, acaecida nos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
 - Que nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da súa unidade de convivencia ten en territorio nacional unha vivenda en propiedade ou en usufruto, distinta da que constituía a súa residencia habitual.
17. No caso de ter sido beneficiaria do programa Aluga, regulado polo Decreto 84/2010, do 27 de maio, declara que rematou o disfrute na súa totalidade da citada axuda dentro dos 6 meses anteriores á data da presentación da solicitude de subvención do Programa de bono de alugueiro social.
 EXPEDIENTE PROGRAMA ALUGA NÚMERO
 []
 Así mesmo, declara que non se nos interpuxo unha demanda por danos causados na vivenda alugada incorporada ao citado programa e/ou non temos débedas derivadas de subministracións por recibos de auga, electricidade e/ou gas da vivenda alugada a través do programa Aluga por un período superior aos 2 meses.
18. No caso de ter sido arrendataria dunha vivenda de promoción pública titularidade do IGVS, declaro que a vixencia do contrato finalizou con data [].
 EXPEDIENTE PROMOCIÓN PÚBLICA CONTA NÚMERO
 [] []
19. No caso de ser residente en vivendas de entidades financeiras ou da Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de Reestructuración Bancaria (Sareb), en virtude dos convenios de colaboración subscritos entre o IGVS e as citadas entidades declaro que rematei a vixencia do contrato de arrendamento dentro dos 6 meses anteriores á data de presentación da solicitude de subvención do Programa do bono de alugueiro social co seguinte número de expediente: [].




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- Documento acreditativo da representación, da persoa que actúe como representante, se é o caso.
- Anexo II de comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia.
- Anexo III de compromiso, asinado polas persoas arrendataria e arrendadora, de someterse ás condicións do Programa de Bono de Alugueiro Social, e número das contas bancarias en que se ingresarán as subvencións.
- Informe dos Servizos Sociais do concello en que está empadroada a persoa solicitante, co contido e, se é o caso, conforme o modelo recollido no anexo IV.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Contrato de arrendamento da vivenda.			
<input type="checkbox"/> Xustificante de empadramento conxunto de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia. Deberá estar expedido dentro dos tres (3) meses anteriores á data de presentación da solicitude.			
<input type="checkbox"/> Certificado médico ou documentación que acredite o citado estado, no caso de nai xestante.			
<input type="checkbox"/> Certificado acreditativo da situación de adopción en trámite, se é o caso.			
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade da persoa solicitante e dos demais membros que integran a unidade de convivencia, no caso de non ser expedido pola Xunta de Galicia.			
<input type="checkbox"/> Copia da demanda interposta nun procedemento de desafuzamento por non pagamento de rendas.			

Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos, para o caso de vítimas de violencia de xénero:

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.			
<input type="checkbox"/> Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.			
<input type="checkbox"/> Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia e/ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.			
<input type="checkbox"/> Informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.			
<input type="checkbox"/> Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data en que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.			
<input type="checkbox"/> Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data en que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.			

Documentación acreditativa de ter sufrido unha circunstancia imprevisible e sobrevida mediante a presentación dos seguintes documentos, para o caso das persoas privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida:

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
